



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 08/01/2011.**

Alcalde Presidente:

D. Secundino García Casal.

Concelleiros presentes:

D. Manuel Varela Mecías.

D. Xosé López Gudín.

D^a María del Carmen Muiño Filgueira

D. Jesús Manuel Soto Vivero.

D. Constantino Bedoya Vázquez.

D. Hipólito Díaz Silva.

D. Juan Antonio Hermida Tembrás.

D. José Romero Ledo.

D. Fernando Márquez Hermida.

Concelleiro ausente:

D. José Serafín Gudín Sabín.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e trinta e catro minutos do sábado día oito de xaneiro de dous mil once, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión extraordinaria celebrada o día dezoito de decembro do pasado ano dous mil dez. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non téndoas, a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación.

SEGUNDO. ACORDOS SOBRE CAMBIO DE TRAZADO DUN CAMIÑO PÚBLICO.

Dase conta do expediente incoado a partir da solicitude dos propietarios dunha vivenda sita no lugar de Ardariz, parroquia de Santa Mariña do Monte, para a desafectación e o cambio de trazado dun tramo do camiño público existente xunto á súa propiedade e a permuta dunha pequena parte dunha finca da súa propiedade polo espazo desafectado, coa finalidade de



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

evitar os perxuízos que a proximidade do camiño causa á propiedade dos solicitantes. O expediente de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos dez membros presentes na sesión, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo. Obrán no expediente informes técnicos relativos ó asunto, nos que se indica que as superficies das dúas parcelas, a que se desafectará do camiño público e a que se adquirirá mediante permuta para incorporar ó mesmo, teñen a mesma superficie e valoración, e que o camiño, aínda que é claramente de carácter público, non aparece no Inventario de Bens do Concello, e se describe de maneira que se poida acordar a súa inclusión no mesmo.

A Corporación, sen deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, o que representa a maioría absoluta do seu número legal de membros, acorda:

1º.- Modificar o Inventario de Bens do Concello para incluír o camiño de que se trata, coas características sinaladas no informe técnico existente no expediente e que une o camiño público 224, no lugar de Ardariz, coa estrada CP 7603, no lugar de Albeiro, e e co número 572.

2º.- Iniciar expediente para a desafectación do uso público dun tramo do referido camiño público 572, que ten unha superficie de 301 metros cadrados, para a súa posterior calificación como sobrante de vía pública e a súa permuta por idéntica superficie da finca colindante, coa finalidade de regularizar o trazado do camiño e reducir o impacto negativo sobre a propiedade privada dos solicitantes.

3º.- Ordear a realización dos trámites precisos para a plena efectividade do presente acordo, comezando pola exposición pública do acordo de desafectación de que se trata, polo prazo dun mes, segundo o establecido no artigo 8 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, que se considerará definitivamente aprobado en caso de que non se presenten reclamacións durante ese prazo.

TERCEIRO. ACORDOS RELATIVOS Ó DESLINDE CON MOECHE.

Dase conta do escrito recibido do Concello de Moeche, en relación coa necesaria incoación de expediente de deslinde entre os términos municipais de ámbolos dous concellos, ó que se xunta certificación de acordo do Pleno polo que se designa unha comisión a tal finalidade e se propón un día do presente mes de xaneiro para o inicio dos traballos. O expediente de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos dez membros presentes na sesión, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

O Sr. Alcalde toma a palabra para dicir que é un tema antigo e lembrar brevemente a súa historia, rematada polo Decreto dictado pola Xunta, anulado posteriormente en vía



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

judicial. Di que é vontade desta Corporación tratar de acadar os necesarios acordos resolutorios dos deslindes iniciados con varios concellos colindantes, para o que considera procedente que se constitúan comisións con presenza de tódolos grupos políticos, pero que entende que este non é o momento adecuado para elo, poucos meses antes dunhas eleccións das que poden derivarse cambios de composición nas corporacións, e tendo en conta ademais que se trata dun tema longo e que seguramente non habería tempo suficiente para a súa resolución definitiva antes da celebración desas eleccións. En consecuencia, propón respotar manifestando a disponibilidad deste Concello para acadar un consenso que permita resolver definitivamente o tema do deslinde con Moeche, e proponer que os trámites formais a tal finalidade se inicien inmediatamente despois da constitución das novas corporacións locais que resultarán das eleccións locais do vindeiro mes de maio.

O Sr. Bedoya interven para manifestar o acordo do seu grupo co dito polo Alcalde, por considerar a súa postura razoable, e preguntar se no novo expediente de deslinde ten que solicitarse novo informe ó Instituto Xeográfico Nacional, e se haberá cambio de postura por parte do Concello, manifestando que por parte do PP nunca houbera nada en contra dos acordos para resolver os deslindes pendentes.

O Sr. Alcalde di que o que se pensa é sentarse e falar do tema para tratar de chegar a acordos, que as decisións que se adopten neste ámbito son inocuas politicamente e que do que se trata é de resolver os problemas da xente, de satisfacer os seus desexos respecto ós lindeiros. No caso concreto de que se trata, no límite con Moeche hai negocios que poderían quedar fora de ordenación e se considera que con pequenas modificacións o asunto do deslinde podería quedar resolto, pero tampouco se trata de aceptar sen máis as propostas que se formulen desde Moeche. O Sr. López Gudín interven para indicar que tamén hai outras cuestións de lindeiros pendentes de resolver con Moeche, nas zonas de Piegolongo e Trémoa, que deberíanse abordar con ocasión do deslinde.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, sen deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda respotar que por parte do Concello de San Sadurniño existe total disponibilidad para acadar un consenso que permita resolver definitivamente o tema do deslinde con Moeche, aínda que se considera que este non é o momento adecuado para elo, poucos meses antes dunhas eleccións locais, polo que se solicita o retraso na iniciación do expediente de que se trata ata a constitución das novas corporacións locais que deben resultar das eleccións locais de maio de 2011, formulando o compromiso de designar, nese momento y a tal finalidade, unha comisión integrada por concelleiros de tódolos grupos políticos representados no Pleno para tratar de resolver o tema do deslinde de que se trata.

CUARTO. ACORDOS PARA MODIFICACIÓN DE ORDENANZA FISCAL.

Dase conta do expediente incoado para a realización dunha modificación puntual na Ordenanza Fiscal nº 7, reguladora da Taxa pola recollida domiciliaria de lixo. O expediente de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos dez membros presentes na sesión, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

Segundo explica o Sr. Soto, a modificación consistiría na inclusión dun parágrafo novo no artigo 2, que permita evitar o cobro nalgúns casos de edificacións non utilizables polo seu estado de deterioro, co seguinte texto:

“Non se incluírán entre os inmobles suxeitos á taxa aqueles en relación cos que, previa solicitude do suxeito pasivo, se emita informe técnico pola arquitecta municipal no que se acredite que, debido ó seu estado ruinoso ou semiruinoso, non reune os requisitos mínimos necesarios para a súa utilización como vivenda ou local comercial.”

O Sr. Bedoya amosa a conformidade do seu grupo coa proposta, aínda que solicita que se teña coidado cos informes que se emitan respecto a este asunto. O Sr. Alcalde di que cabe a posibilidade de utilizar outros criterios obxectivos, pero que se considera preferible un informe técnico, que permitirá valorar varios destes criterios ó tempo. O Sr. Ledo prantexa como se fará o control de novas altas en casos de rehabilitación de edificacións, respostándose polo Sr. Alcalde que se prevé facer mediante o rexistro de licencias urbanísticas.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, sen deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, o que representa a maioría absoluta do seu número legal de membros, acorda:

1º.- Modificar Ordenanza Fiscal nº 7, reguladora da Taxa pola recollida domiciliar de lixo, para dar nova redacción ó seu artigo 2º, incluíndo o parágrafo antes indicado.

2º.- Ordear a realización dos trámites necesarios para a entrada en vigor da modificación de que se trata coa brevidade posible, comezando pola exposición pública do presente acordo segundo o indicado na lexislación aplicable.

QUINTO. ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as once horas e cincuenta e dous minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO,